



PLAN LOCAL DE INFANCIA E ADOLESCENCIA

CONCELLO DE SALCEDA DE
CASELAS



2026

Redacción: Mesa de coordinación interna en materia de infancia e adolescencia

Concello Salceda de Caselas

Coordinación: Concelleira de Benestar Social, Igualdade, Ensino, Sanidade, Comercio e Industria, Participación Cidadá, Formación e Emprego e Voluntariado

Selene González Luis

Asistencia técnica: Atelier SOCIAL SL

ÍNDICE

Introdución	4
Descrición do contexto	6
Localización	6
Características demográficas e sociais	6
Metodoloxía	9
Síntese da diagnose da situación da Infancia e adolescencia	12
Áreas de intervención	15
Participación infantil e adolescente	
Dereito á participación	16
Educación e formación	
Dereito a acceder a servizos esenciais	22
Cultura, lecer e deporte	
Dereito a ser nena/o	26
Espazo Público	
Dereito a vivir en contornas seguras e limpas	29
Coordinación Interna	33
Seguimento e avaliación	36

Introdución

O Plan Local de Infancia e Adolescencia (PLIA) é o instrumento de planificación estratéxica co cal o Concello define, organiza e coordina as políticas públicas dirixidas ás nenas, nenos e adolescentes do municipio. Trátase dun documento que recolle a diagnose da situación da infancia, fixa obxectivos prioritarios e establece medidas concretas para garantir os seus dereitos, mellorar a súa calidade de vida e favorecer o seu desenvolvemento integral. Ademais, permite ordenar os recursos existentes, reforzar a coordinación entre servizos e entidades e avaliar de maneira periódica os avances conseguidos.

A elaboración deste plan responde ao marco normativo internacional, estatal e autonómico en materia de protección á infancia. En particular, inspírase na Convención sobre os Dereitos do Neno das Nacións Unidas, que recoñece ás nenas, nenos e adolescentes como suxeitos de dereitos e establece principios fundamentais . No ámbito estatal, o plan toma como referencia a lexislación vixente en materia de protección xurídica do menor, que reforza as políticas preventivas, a detección temperá de situacións de risco e a coordinación institucional.

O PLIA resulta necesario porque permite abordar de forma organizada e transversal as necesidades reais da poboación infantil e adolescente. As políticas dirixidas á infancia non poden depender de actuacións illadas ou puntuais, senón que requiren unha planificación a medio e longo prazo, baseada en datos, na participación dos propios menores e na colaboración entre administracións, centros educativos, servizos sociais, entidades e familias. Ademais, este tipo de plans contribúen a garantir a igualdade de oportunidades, a prevención de situacións de risco e a creación de contornas seguras, saudables e inclusivas.

O plan diríxese a todas as nenas, nenos e adolescentes do municipio, sen excepción, dende a primeira infancia ata a maioría de idade. Con todo, presta unha atención especial aquelas persoas menores que se atopan en situacións de vulnerabilidade social, económica, familiar ou educativa, co obxectivo de reducir desigualdades e asegurar que todos e todas poidan desenvolver o seu proxecto vital en condicións de equidade. Tamén se orienta a familias, profesionais e a entidades que traballan coa infancia, ofrecendo un marco común de actuación e coordinación.


No caso de Salceda de Caselas, a creación dun Plan Local de Infancia e Adolescencia resulta especialmente necesaria para dar resposta aos retos actuais e futuros da súa poboación infantil e adolescente, debido a importancia que estas teñen na situación sociodemográfica do municipio. A evolución desa sociodemografía, os cambios nas estruturas familiares, as novas formas de relación social e o impacto das tecnoloxías, así como as situacións de vulnerabilidade detectadas nos ámbitos educativo e social a través da diagnose realizada, fan preciso contar cunha ferramenta de planificación que permita anticiparse ás necesidades e actuar de maneira preventiva.

Ademais, a posta en marcha dun plan específico para a infancia reforza o compromiso do Concello coa promoción dos dereitos das persoas menores, facilita a coordinación entre os distintos servizos municipais e entidades do territorio, e permite establecer liñas de actuación claras e avaliáveis. Deste xeito, o plan convértese nunha folla de ruta para construír un municipio máis amable coa infancia, no que as nenas, nenos e adolescentes sexan protagonistas, participen activamente na vida comunitaria e poidan medrar nun contorno seguro, inclusivo e respectuoso cos seus dereitos.

Descrición do contexto

Localización

Salceda de Caselas é un municipio galego situado na comarca de Vigo, na provincia de Pontevedra, cunha superficie de 35,92 km² e 262,0 habitantes por km² en 2024 (IGE). O centro do concello é "A Esfarrapada". O relevo do municipio está definido polo val do río Caselas e por montañas de baixa altura.



Conta cunha rica e diversa contorna natural, o que o converte en lugar ideal para actividades ao aire libre. A súa paisaxe é predominantemente montañosa de baixa altura e fluvial. O río Caselas, nace no municipio e xoga un papel fundamental na configuración do ecosistema local e é unha fonte importante para o desenvolvemento de actividades recreativas e de ocio como poden ser sendeirismo ou o turismo fluvial. A vexetación está marcada por bosques de ribeira nos ríos (Caselas, regatos) e zonas boscosas mixtas de coníferas e eucaliptos nas zonas altas. Destacan os amieiros, salgueiros, carballos e feitos, especialmente nas zonas húmidas, formando un contorno atlántico característico con áreas de matogueira.

Características demográficas e sociais

O concello de Salceda de Caselas conta cunha poboación de 9.409 habitantes segundo os datos do ano 2025, cunha distribución equilibrada entre homes e mulleres.

Trátase dun municipio cunha estrutura demográfica relativamente nova en comparación con outros territorios de Galicia, destacando por presentar unha porcentaxe significativa de poboación menor de 25 anos e unha proporción de persoas novas superior á de persoas maiores. Esta realidade constitúe un elemento favorable para o desenvolvemento social e económico do municipio, aínda que nos últimos anos comezan a percibirse sinais de descenso da natalidade e un progresivo envellecemento da poboación.

Neste sentido, cómpre lembrar que Salceda de Caselas chegou a situarse entre os municipios galegos con maior intensidade natal, e mesmo foi sinalado en 2014 como o concello, dos 314 de Galicia, coa taxa bruta de natalidade máis elevada, presentando 12,8 nacementos por cada 1.000 habitantes, fronte aos 7,2 da media autonómica, segundo a información difundida a partir de datos do INE. Naquel momento, esta evolución favorable interpretouse no marco dunha dinámica demográfica expansiva e dunha capacidade de atracción residencial destacable, favorecida pola súa posición estratéxica na contorna de Vigo e pola mellora progresiva dos servizos e das condicións de vida no municipio.

Con todo, a pesar das taxas tan positivas, os datos do movemento natural reflicten un saldo vexetativo negativo nos últimos anos, debido á diminución dos nacementos e ao aumento das defuncións, o que apunta a unha tendencia demográfica semellante á do conxunto da comunidade autónoma. Non obstante, a presenza dunha base poboacional nova continúa sendo un factor estratéxico para o futuro do concello.

Ano	Nacementos	Falecidos	Saldo vexetativo
2024	44	73	-29
2023	59	62	-3
2022	75	87	-12
2021	82	69	13
2020	45	74	-29

Fonte: IGE, Movemento natural da poboación (30-01-2026)

A poboación infantil e adolescente, comprendida entre os 0 e os 18 anos, ascende a 1.770 persoas, o que supón un peso relevante dentro do conxunto da poboación municipal. A distribución por idades amosa unha estrutura equilibrada, con maior concentración nos tramos de idade escolar. O grupo máis numeroso é o de 6 a 10 anos, seguido do tramo de 11 a 15 anos, o que evidencia unha forte presenza de alumnado en educación primaria e secundaria. Pola súa banda, os grupos de 0 a 5

anos e de 16 a 18 anos presentan cifras algo menores pero igualmente significativas, O grupo de 20 e 24 anos é superior ca do grupo de 25 a 29 anos, o que confirma a necesidade de manter recursos específicos para a primeira infancia, a adolescencia e a transición cara á vida adulta.

A análise global da pirámide poboacional amosa unha concentración importante nos tramos de idade adulta, especialmente entre os 30 e os 54 anos, correspondentes á poboación en idade activa e con responsabilidades familiares. Esta realidade inflúe directamente nas necesidades de conciliación, nos servizos de apoio á crianza e na demanda de recursos educativos, culturais e de lecer para a infancia.

Desde o punto de vista territorial, Salceda de Caselas presenta unha estrutura socio-demográfica mixta, con zonas urbanas e rurais. A maior parte da poboación nova e adulta concéntrase no núcleo urbano, onde se sitúan os principais servizos públicos, centros educativos, instalacións deportivas, comercios e recursos sanitarios. Pola súa banda, as zonas rurais manteñen un carácter máis disperso, cunha presenza maior




Ilustración 1 Fonte: IGE, Movemento natural da poboación

de familias vinculadas a actividades agrícolas e con modelos familiares de tipo estendido.

En relación coa mobilidade poboacional, o concello presenta un saldo migratorio positivo, o que indica a chegada de novas persoas residentes, moitas delas procedentes doutros municipios ou países. A poboación de orixe estranxeira representa arredor do 4,3 % do total, con predominio de persoas nadas en América, seguidas de África e Asia. Esta diversidade contribúe a enriquecer o tecido social e cultural do municipio, ao tempo que introduce novas necesidades de integración, apoio educativo e acompañamento social.

No ámbito educativo, o concello conta con tres centros de ensino de réxime xeral e unha matrícula total próxima aos 2.000 alumnos e alumnas. A ampliación da oferta educativa co bacharelato supuxo un avance importante, ao permitir que a mocidade continúe a súa formación no propio municipio. Ademais, existen servizos complementarios como aula matinal e comedor escolar, que contribúen á conciliación familiar e laboral e á promoción de hábitos saudables.

A estrutura familiar do municipio tamén experimentou cambios significativos nas últimas décadas. Aínda que as familias nucleares continúan a ser maioritarias, obsérvase un incremento das familias monoparentais, que presentan necesidades específicas de conciliación e apoio social. Ao mesmo tempo, mantéñense fogares estendidos, especialmente nas zonas rurais, nos que conviven varias xeracións e se reforzan as redes familiares de coidado.


Desde o punto de vista socioeconómico, o tecido produtivo local caracterízase pola convivencia de sectores tradicionais e actividades vinculadas aos servizos e ao comercio. O sector agrícola continúa a ter presenza nas zonas rurais, principalmente como complemento económico para moitas familias. Con todo, o sector servizos constitúe o principal motor de emprego, apoiado na actividade comercial, a hostalaría, os servizos educativos e socio-sanitarios.

Metodoloxía

O PLIA de Salceda de Caselas foi elaborado a través dun proceso participativo, no que as nenos, nenos e adolescentes do municipio tiveron un papel central, aportando

a súa visión, experiencias e propostas. Na elaboración da diagnose previa a elaboración do PLIA participaron persoas menores dos distintos centros escolares de do municipio que se encontraban entre os 9 e os 17 anos de idade.

Na elaboración tamén se involucrou ás diferentes entidades do Concello que teñen contacto coas persoas comprendidas neste rango de idade, as distintas concellerías que forman o goberno salcedense e ao grupo de participación infantil e adolescente de Salceda de Caselas.



- Na primeira fase levouse a cabo unha reflexión conxunta sobre os retos identificados na diagnose da situación da infancia e adolescencia en Salceda. A partir desta análise definíronse os obxectivos estratéxicos e as liñas de actuación do PLIA.
- Na segunda fase, cada área municipal identificou as accións que prevé desenvolver durante o período de vixencia do plan para dar resposta aos obxectivos definidos. Estas propostas foron aliñadas tanto cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS) da Axenda 2030 como cos obxectivos marco da Convención de Dereitos do Neno.
- Na terceira fase puxéronse en común todas as accións propostas entre as áreas, co obxectivo de garantir a coherencia global do PLIA entre as distintas actuacións propostas.
- Durante a cuarta fase fíxose un axuste final do documento.
- Finalmente, na quinta fase, o PLIA foi elevado ao Pleno municipal para a súa aprobación formal, completando así o proceso de validación institucional.

Principios e enfoques do plan

Neste apartado recóllense os principios fundamentais e os enfoques estratéxicos que sustentan o PLIA. A función destes principios é garantir que as actuacións municipais promovan e protexan de maneira eficaz os dereitos da infancia e adolescencia, tal e como recoñece a CDN.

Principios rétores:

1. **Dereito a non discriminación:** Todas as persoas menores de idade teñen dereito a ser tratadas en igualdade e a estar libres de calquera forma de discriminación. As entidades locais deben garantir que ningún NNA sexa excluído/a por razón de sexo, identidade, orientación sexual, diversidade funcional, relixión, opinión ou outras circunstancias persoais ou sociais.
2. **Interese superior das nenas, nenos e adolescentes:** Calquera medida, norma ou decisión que afecte á infancia e adolescencia debe por diante o seu benestar. Isto implica recoñecer a NNA como suxeitos de pleno dereito, asegurar a súa participación nas decisións que lle afectan e garantir que se valore a súa opinión.
3. **Garantía da supervivencia e do desenvolvemento integral:** Os nenos, nenas e adolescentes teñen dereito a vivir e a desenvolverse plenamente en todos os ámbitos. As administracións públicas deben por todos os medios o seu alcance para garantir unhas condicións de vida dignas e adecuadas para o seu crecemento.
4. **Participación infantil e adolescente:** Resulta esencial que as NNA teñan a posibilidade de expresar as súas opinións e ser escoitados/as.

Enfoques:

1. **Perspectiva de xénero:** Todas as accións estarán deseñadas para garantir o mesmo trato, oportunidades e dereitos, loitando contra os estereotipos e discriminacións de xénero desde a infancia.

2. **Diversidade:** O PLIA comprométese a combater calquera forma de exclusión e a fomentar unha convivencia baseada na dignidade e na empatía, facilitando os servizos e os espazos as distintas diversidades.
3. **Sustentabilidade medioambiental:** Todas as accións do Plan Local da Infancia e Adolescencia terán en conta o respecto polo entorno natural, procurando reducir o impacto medioambiental e educando na responsabilidade ecolóxica.
4. **Responsabilidade pública:** O desenvolvemento do PLIA rexeráse por un compromiso firme coa rendición de contas e a transparencia. Ademais garantirase unha avaliación continua do Plan seguindo criterios de eficiencia, legalidade e mellora continua.
5. **Apoderamento:** Este Plan Local de Infancia e Adolescencia e as súas accións van dirixidas a fortalecer as súas capacidades e autonomía.
6. **Prevención:** Priorizaranse intervencións que eviten a aparición das situacións de risco, exclusión e vulneración de dereitos, actuando de forma proactiva sobre os factores que as orixinan.

Duración:

O presente Plan establécese cunha vixencia de catro anos. Este período temporal permite establecer unha estratexia a medio prazo, que garantiza a continuidade das actuacións, a súa avaliación progresiva e a capacidade de adaptación ás necesidades que poidan xurdir ao longo da súa execución. Así mesmo, este marco temporal (2026 a 2029) facilita a consolidación das liñas de traballo definidas e o seguimento dos resultados acadados en materia de infancia e adolescencia.

Síntese da diagnose da situación da Infancia e adolescencia

O diagnóstico da situación da infancia e adolescencia en Salceda de Caselas permitiunos ter unha visión ampla e fundamentada sobre as condicións de vida, necesidades e oportunidades do territorio. A análise realizada, a partir de enquisas,

entrevistas e revisión dos recursos existentes, evidencia que Salceda conta cunha base sólida de servizos, programas e iniciativas dirixidas á infancia, así como cunha alta implicación da comunidade educativa, dos servizos municipais e das propias familias.

No ámbito da **participación** infantil e adolescente, destaca unha alta disposición das nenas, nenos e adolescentes a implicarse na vida municipal, así como a existencia de experiencias de participación real. Non obstante, esta participación desenvólvese maioritariamente en accións puntuais, polo que se identifica a necesidade de consolidar estruturas estables e formais que garantan a continuidade, a representatividade e o carácter vinculante das súas achegas. Así mesmo, obsérvase unha menor implicación da adolescencia, o que require o deseño de estratexias específicas adaptadas a este grupo de idade.

En relación coa **protección e o benestar**, o municipio presenta unha percepción xeral de contorna segura e conta cunha rede de recursos consolidada. Porén, o diagnóstico sinala un incremento das necesidades vinculadas á saúde mental e ao benestar emocional, especialmente en idades temperás, así como unha maior preocupación polo impacto das tecnoloxías e redes sociais. Neste sentido, faise necesario reforzar os recursos existentes, ampliar a súa especialización e mellorar a coordinación entre os ámbitos social, educativo e sanitario.

No eido da educación e do acceso a **servizos esenciais**, identifícanse desigualdades asociadas a factores socioeconómicos e á dispersión territorial, que condicionan o acceso a recursos educativos, culturais e de lecer. As dificultades de mobilidade, especialmente desde as parroquias, e a necesidade de reforzar a atención á diversidade e o apoio educativo constitúen elementos clave. Ademais, detéctase a falta de espazos de encontro non formais para a adolescencia e a importancia de fortalecer a coordinación entre centros educativos, servizos sociais e entidades.

No ámbito da **cultura, o lecer e o deporte**, existe unha oferta consolidada e ben valorada pola infancia, que participa activamente nas actividades propostas. Con todo, evidénciase a necesidade de diversificar e adaptar esta oferta á adolescencia, así como de garantir o acceso en igualdade de condicións para toda a poboación, superando as limitacións derivadas da dispersión territorial e asegurando a inclusión de menores con diversidade funcional.

En canto ao **espazo público**, Salceda dispón dunha rede de infraestruturas con alto potencial de uso, que favorecen a socialización, o xogo e a convivencia. Porén, identifícanse necesidades de mellora no mantemento, na limpeza, na iluminación e na accesibilidade, así como a carencia de espazos específicos para adolescentes. Tamén se destaca a importancia de incorporar a perspectiva da infancia no deseño e planificación destes espazos.

Finalmente, no relativo á **coordinación interna**, o diagnóstico pon de manifesto a boa disposición do persoal técnico e a existencia de experiencias de colaboración entre departamentos. Non obstante, resulta necesario consolidar mecanismos formais de coordinación, mellorar o intercambio de información e establecer sistemas de seguimento e avaliación conxunta que permitan avanzar cara a unha gobernanza máis integrada, eficiente e orientada a resultados.

En conxunto, o diagnóstico evidencia a necesidade de reforzar a participación infantil e adolescente, garantir a equidade no acceso aos recursos, mellorar o benestar emocional, adaptar a oferta e os espazos á realidade da adolescencia e fortalecer a coordinación institucional. Estes elementos constitúen a base sobre a que se constrúe este Plan Municipal de Infancia e Adolescencia, orientado a promover un municipio máis inclusivo, accesible e comprometido cos dereitos das nenas, nenos e adolescentes.

Áreas de intervención

Participación infantil e adolescente

Dereito á participación

Como se mencionou anteriormente, a participación da infancia e da adolescencia constitúe, para Salceda de Caselas, un principio reitor fundamental, orientado a garantir que os nenos, nenas e adolescentes (NNA) desempeñen un papel activo na vida do municipio. Este enfoque pretende superar unha visión limitada da infancia e adolescencia, recoñecéndoa como suxeitos plenos de dereitos, pero tamén de responsabilidades, e promovendo unha perspectiva na que se valoren os seus compromisos coa comunidade.

Neste marco, o PLIA incorpora accións dirixidas a fomentar a súa capacidade de toma de decisións, a conciencia crítica e o pensamento reflexivo, así como a difusión da Convención sobre os Dereitos do Neno.

Ponse especial énfase na creación e consolidación de espazos autónomos de participación para os NNA, que lles permitan formar parte activa e continuada na construción da cidadanía. Estes espazos facilitarán que poidan expresar as súas opinións, establecer prioridades e implicarse na organización de actividades e iniciativas.

Do mesmo xeito, considérase esencial fortalecer a comunicación e a relación entre o persoal municipal e estes órganos de participación, promovendo sinerxías, dinámicas de colaboración e procesos de aprendizaxe mutuo.

Obxectivo xeral



Promover a participación activa da infancia e adolescencia nos ámbitos municipais que lles afecten.


Obxectivos específicos



Crear mecanismos que permitan a NNA participar na toma de decisións, favorecendo a súa autonomía e responsabilidade



Facilitar formación en Dereitos da Infancia tanto a persoal técnico e político do Concello coma a profesorado, alumnado e familias.

Dereito á participación		
Responsables: equipo de goberno.		
ACCÍONS		€
1. Creación dun grupo de participación infantil e xuvenil coa dinamización por parte de persoal especializado.	Permanente	4.000
<i>Indicador: Nº de NNA que participan no grupo de participación</i>		
2. Posta en marcha dunha estratexia de visibilización do grupo de participación infantil e xuvenil a través das canles e redes sociais do concello.	Permanente	1.000
<i>Indicador: Nº de publicacións nas redes sociais do concello sobre o grupo de participación</i>		
3. Establecemento da celebración anual de, polo menos, un pleno infantil e xuvenil	Permanente	0
<i>Indicador: Nº de plenos infantís realizados</i>		
4. Promover a asistencia do grupo de participación infantil e xuvenil a encontros autonómicos, estatais, provinciais...	Permanente	500
<i>Indicador: Nº de veces que se asiste a un encontro autonómico, estatal...</i>		
5. Promover que o grupo participe colaborando na Mesa de Saúde Local e convidalo a outras mesas locais.	Permanente	0
<i>Indicador: Nº de veces que o grupo de participación acude á Mesa de Saúde Local</i>		
6. Realizar actividades formativas dirixidas á infancia e adolescencia sobre os dereitos recollidos na CDN.	Puntual	500
<i>Indicador: Nº de actividades formativas sobre dereitos realizadas</i>		
7. Designación dunha persoa do persoal técnico e outra do persoal político para a súa participación en accións formativas sobre os dereitos da infancia.	Permanente	300
<i>Indicador: Nº de actividades formativas ás que acode o persoal técnico e político</i>		
8. Realizar actividades sobre participación infantil e adolescente nas parroquias para incluír aos NNA.	Puntual	200
<i>Indicador: Nº de actividades de participación infantil e adolescentes realizadas nas parroquias</i>		

Relación coa axenda 2030:



Protección da infancia e adolescencia: igualdade e diversidade

Dereito a ser valorado/a, respectado/a e tratado/a xustamente

O Concello de Salceda de Caselas asume como prioridade a promoción dun modelo de convivencia baseado no bo trato, na prevención de calquera forma de violencia e na garantía efectiva dos dereitos da infancia e adolescencia, garantindo que cada nena, neno e adolescente sexa valorado/a, respectado/a e tratado/a xustamente. A creación de contornas seguras e protectoras implica non só evitar situacións de risco, senón tamén promover condicións que favorezan o desenvolvemento integral, a participación e o benestar emocional das Nenas, Nenos e Adolescentes (NNA).


A Lei Orgánica de Protección Integral fronte a Violencia Infantil establece a responsabilidade das administracións públicas de impulsar políticas preventivas, protocolos de detección temperá e mecanismos de coordinación ante posibles situacións de risco. Isto require dotar aos espazos municipais, educativos, deportivos e de lecer de ferramentas que permitan identificar sinais de alerta e ofrecer canles seguras para que as NNA poidan expresar preocupacións ou denunciar situacións que afecten á súa seguridade, asegurando unha atención respectuosa e xusta.

Unha contorna protectora precisa tamén persoas adultas formadas e sensibilizadas. Por iso, resulta fundamental promover accións de formación dirixidas a profesionais, familias e persoal voluntario en ámbitos como a educación emocional, a resolución pacífica de conflitos e a crianza positiva, fomentando relacións baseadas na confianza, na escoita activa e no respecto á diversidade.

Finalmente, o plan local incorpora unha perspectiva inclusiva que teña en conta as diferentes situacións de vulnerabilidade e promova a igualdade, a accesibilidade e o respecto á diversidade, garantindo que todas as NNA poidan desenvolverse en contornas nas que se sentan valoradas/os, respectadas/os e tratadas/os con xustiza.


Dereito a ser valorado/a, respectado/a e tratado/a xustamente

Responsables: concellería de benestar social e igualdade




ACCIÓNS		€
1. Inicio dun programa de formación sobre a LOPIVI e a prevención da violencia, dirixido nunha primeira fase ao persoal municipal, con previsión de ampliación a outros axentes educativos e de ocio.	Puntual	100
<i>Indicador: Nº de formacións en materia de LOPIVI dirixidas ó persoal municipal</i>		
2. Desenvolver obradoiros orientados á mellora da comunicación familiar e da expresión emocional, dirixidos a nais, pais e/ou titores/as.	Puntual	2.000
<i>Indicador: Número de persoas participantes nos obradoiros</i>		
3. Fomentar a participación e o protagonismo das nenas, nenos e adolescentes nos actos de sensibilización do 25 de novembro e do 8 de marzo, 17 de maio e do 28 de xuño, entre outras	Permanente	1.500
<i>Indicador: Nº de actividades protagonizadas por NNA o 25 de novembro e 8 de marzo</i>		
4. Manter o programa o Aula Século XXI de apoio psicolóxico para mellorar o benestar emocional da cidadanía, con foco en acompañamento e coidados.	Permanente	9.000
<i>Indicador: Nº de persoas atendidas no programa na Aula Século XXI</i>		
5. Dar continuidade e reforzar o servizo de parentalidade positiva na Escola de Nais e Pais e o programa “Xuntas” como espazo formativo e de acompañamento.	Permanente	4.000
<i>Indicador: Nº de encontros realizados na Escola de Nais e Pais e do programa “Xuntas”</i>		
6. Desenvolver actividades culturais e de ocio e tempo libre dirixidas ao público infantil e xuvenil para fomentar a igualdade de xénero.	Puntual	8.000
<i>Indicador: Nº de actividades desenvoltas ca finalidade de fomentar a igualdade de xénero</i>		
7. Seguir ofertando os campamentos en períodos non lectivos.	Permanente	8.000
<i>Indicador: Nº de campamentos ofertados en períodos non lectivos.</i>		
8. Promover a adaptación progresiva de eventos, actividades festivas e celebracións comunitarias para garantir a súa accesibilidade e inclusión, tendo en conta as necesidades específicas da infancia con trastornos do neurodesenvolvemento.	Permanente	1.500

<i>Indicador: Nº de eventos adaptados á infancia con trastornos de neurodesenvolvemento</i>		
9. Impulsar programas infanto-xuvenís contra o odio e o ciberacoso	Permanente	500
<i>Indicador: Nº de NNA que participan nos programas contra o odio e ciberacoso</i>		
10. Realizar campañas en contra da discriminación	Permanente	500
<i>Indicador: Nº de campañas realizadas en contra da discriminación</i>		
11. Continuarase co desenvolvemento dos programas de educación afectivo-sexual, incorporando novas accións que permitan fortalecer e ampliar o alcance das intervencións xa existentes.	Permanente	2.000
<i>Indicador: Nº de asistentes aos programas de educación afectivo-sexual</i>		
12. Impulsarase a realización de novas actividades de igualdade e prevención da violencia de xénero, reforzando e ampliando as accións xa existentes.	Permanente	3.000
<i>Indicador: Nº de NNA que asisten ás actividades de igualdade e prevención da violencia de xénero</i>		
13. Impulsarase a educación en cidadanía dixital e no respecto nas redes, reforzando e ampliando as actuacións xa existentes.	Permanente	1.000
<i>Indicador: Nº de actividades realizadas para á educación da cidadanía dixital</i>		

Obxectivo xeral

-  Garantir un sistema municipal de protección integral que asegure contornas seguras, tratos baseados no respecto á diversidade e a erradicación de calquera forma de violencia, permitindo o desenvolvemento pleno e o benestar emocional de todas as nenas, nenos e adolescentes (NNA) de Salceda.

Obxectivos específicos

-  Capacitar a profesionais, familias e voluntariado en ferramentas de educación emocional, crianza positiva e resolución pacífica de conflitos para fomentar relacións de confianza e bo trato.
-  Desenvolver programas educativos para NNA que fortalezan as súas habilidades emocionais e o auto-coidado.
-  Promover unha perspectiva inclusiva que elimine barreiras de accesibilidade e asegure que as NNA en situación de vulnerabilidade sexan tratadas con equidade, xustiza e respecto á súa diversidade.

Relación coa axenda 2030:



Educación e formación

Dereito a acceder a servizos esenciais

Salceda de Caselas centra o seu esforzo principal nas nenas, nenos e adolescentes que, por circunstancias económicas, familiares ou sociais, atopan maiores barreiras para un desenvolvemento pleno. Como Cidade Amiga da Infancia, o municipio asume que a vulnerabilidade non é un estado permanente, senón unha situación que debe ser abordada activamente para garantir que todos os menores poidan acceder aos servizos esenciais que lles permitan medrar en igualdade de oportunidades.


O plan local prioriza a detección de factores de risco como a pobreza infantil, o illamento social ou a falta de referentes positivos, activando unha rede de protección que busca compensar as carencias que moitos menores traen desde os seus fogares. Para as familias en situación de dificultade económica ou desestruturación, o Concello aposta por unha intervención social intensiva, que vai máis aló da axuda asistencial inmediata. Mediante itinerarios de acompañamento, os Servizos Sociais municipais traballan man a man coas familias para fortalecer as súas capacidades de coidado e protección, dotando aos proxenitores de ferramentas de resolución de conflitos e pautas de crianza positiva, co fin de garantir contornas seguras e afectivas e evitar medidas de separación familiar.

No ámbito educativo, Salceda combate as desigualdades mediante medidas de acción positiva que garantan que ningún neno ou nena vexa limitado o seu acceso á educación e aos recursos formativos por falta de medios. Isto inclúe a gratuidade de material escolar, o acceso a actividades de reforzo académico para previr o abandono escolar temperán e a participación en actividades de lecer, deporte e cultura. A verdadeira inclusión conséguese cando un menor en situación de vulnerabilidade pode compartir os mesmos espazos de aprendizaxe e xogo que os seus iguais, eliminando o estigma e reforzando a súa autoestima e sentido de pertenza á comunidade.






Ademais, o compromiso de Salceda coa infancia máis fráxil esténdese ao benestar emocional e á saúde mental. O plan recoñece que vivir en contextos de precariedade ou tensión familiar xera estrés crónico que afecta directamente ao desenvolvemento psicolóxico. Por iso, potencianse recursos de apoio psicopedagóxico e programas de


educación emocional que axuden ás nenas e nenos a desenvolver resiliencia. Todo isto artículase mediante un traballo en rede, no que centros educativos e centro de saúde actúan como puntos de detección de calquera sinal de sufrimento silencioso, garantindo que o interese superior do menor sexa sempre a prioridade, asegurando o seu dereito a acceder aos servizos esenciais e a construír un futuro con esperanza.

Obxectivo xeral

-  Garantir a protección integral das persoas menores en situación de vulnerabilidade, promovendo o acceso efectivo aos seus dereitos fundamentais, mellorando o seu benestar e creando contornas que favorezan o seu desenvolvemento integral, así como a igualdade de oportunidades e a súa plena inclusión social na comunidade.

Obxectivos específicos

-  Identificar e detectar as persoas menores en situación de vulnerabilidade a través dun sistema de avaliación integral que permita unha intervención temperá e axeitada.
-  Garantir o acceso aos recursos e servizos básicos, como a educación, a saúde, a vivenda e a atención psicolóxica, asegurando o seu dereito a medrar en contornas seguras.
-  Promover a participación activa das persoas menores en situación de vulnerabilidade en actividades e procesos que favorezan o seu benestar, dándolles voz na toma de decisións que lles afectan e impulsando a súa inclusión social.
-  Desenvolver programas de acompañamento e apoio ás familias, orientados a mellorar o seu contorno e a reforzar os seus recursos persoais e comunitarios.
-  Impulsar accións de sensibilización e formación dirixidas á comunidade e ás persoas profesionais sobre a protección dos dereitos da infancia e as necesidades específicas das persoas menores en situación de vulnerabilidade, co obxectivo de construír contornas máis inclusivas e respectuosas.

Dereito a acceder a servizos esenciais		
Responsables: equipo de goberno.		
ACCIÓN		€
1.Reforzar os sistemas de recollida e análise de datos sobre a infancia en situación de vulnerabilidade no ámbito municipal.	Permanente	0
<i>Indicador: Nº de documentos de recollida de datos elaborados</i>		
2. Ampliar os recursos destinados ás familias en situación de exclusión social con menores ao seu cargo.	Permanente	3.000
<i>Indicador: Nº de familias perceptoras de recursos para previr á exclusión social</i>		
3. Reforzar a figura da educadora familiar como ferramenta de protección.	Permanente	3.000
<i>Indicador: Estabilización do posto da educadora social a xornada completa</i>		
4. Manter os Campamentos de verán gratuítos con prioridade para familias en situación de vulnerabilidade.	Permanente	7.000
<i>Indicador: Nº de familias que empregan o servizo de campamento de verán</i>		
5. Manter un modelo de campamentos municipais inclusivos, asegurando que o sistema de adxudicación de prazas non deixe fóra a menores por razón de discapacidade.	Permanente	7.000
<i>Indicador: Nº de NNA con diversidade funcional que asisten aos campamentos</i>		
6. Dar continuidade e reforzar as medidas e programas que xa se están desenvolvendo.	Permanente	17.000
<i>Indicador: Nº de medidas mantidas que xa estaban postas en marcha</i>		
7.Manter e mellorar o servizo de Atención Temperá.	Permanente	80.000
<i>Indicador: Nº de NNA beneficiarios do sistema de atención temperá</i>		
8.Seguir colaborando con fundacións que realicen actividades solidarias sen ánimo de lucro	Puntual	1.000
<i>Indicador: Nº de accións levadas a cabo en colaboración con fundación solidarias</i>		

Relación coa axenda 2030:



Cultura, lecer e deporte

Dereito a ser nena/o


A infancia e a adolescencia son etapas fundamentais no desenvolvemento de calquera persoa, e durante estes períodos establécense as bases do benestar físico, emocional e social ao longo da vida. Neste sentido, a relación da infancia e adolescencia co seu contorno en Salceda de Caselas é clave para garantir que as nenas, nenos e adolescentes poidan exercer plenamente o seu dereito a ser nena/o, medrando nun ambiente seguro, inclusivo e respectuoso cos seus dereitos.

O contorno no que as persoas menores viven e se desenvolven inflúe directamente no seu benestar. A calidade dos espazos educativos, sociais e de lecer, así como o acceso a actividades culturais, deportivas e programas de integración social, son factores determinantes que contribúen ao seu desenvolvemento integral e á súa calidade de vida. Ademais, o contorno familiar e a participación comunitaria desempeñan un papel esencial, xa que as relacións afectivas, de apoio e confianza fomentan hábitos saudables e o crecemento persoal.




En Salceda de Caselas recoñécese a importancia de contar con espazos seguros e adaptados á infancia e adolescencia, promovendo políticas públicas e iniciativas comunitarias que favorezan a participación activa das nenas, nenos e adolescentes. Deste xeito, foméntase a creación de contornas de lecer, deporte e cultura que permitan gozar do tempo libre, interactuar con iguais e desenvolver habilidades sociais e afectivas nun marco de inclusión e igualdade de oportunidades.


Unha contorna positivo tamén potencia o empoderamento das persoas menores, permitindo que expresen as súas opinións, necesidades e inquietudes. Así, a participación activa da infancia e adolescencia fortalece a súa implicación nas decisións que lles afectan, garantindo que os seus dereitos sexan respectados e promovendo unha vivencia plena do seu dereito a ser nena/o dentro da comunidade.

Obxectivo xeral

-  Promover un modelo de lecer, cultura e deporte inclusivo e de calidade que garanta o dereito a ser nena/o, facilitando espazos e tempos onde a infancia e a adolescencia de Salceda poidan desenvolverse integralmente, xogar e participar activamente na vida comunitaria..

Obxectivos específicos

-  Fortalecer a axenda de lecer e cultura (cine, obradoiros, fondos bibliográficos de manga) con contidos que respondan aos intereses actuais da mocidade e garantan o seu dereito ao gozo e á aprendizaxe.
-  Fomentar a práctica deportiva como ferramenta de integración, impulsando o deporte feminino e asegurando a participación de menores en situación de vulnerabilidade ou risco de exclusión.
-  Diversificar a oferta cultural, deportiva e de lecer municipal, asegurando que existan opcións atractivas e adaptadas especificamente para a etapa da adolescencia.

Dereito a ser nena/o		
Responsables: equipo de gobierno.		
ACCIÓNS		€
1. Reforzar a oferta cultural e de ocio para adolescentes garantindo a súa participación na selección e planificación das actividades.	Permanente	4.000
<i>Indicador: N° de actividades culturais dirixidas a NNA</i>		
2. Reforzar o mantemento dos equipamentos municipais, priorizando aqueles que sexan considerados máis relevantes pola participación de NNA.	Puntual	7.000
<i>Indicador: N° de mantementos realizados</i>		
3. Continuar ofrecendo talleres, adaptados ás diferentes idades para garantir unha participación adecuada e efectiva.	Puntual	2.000
<i>Indicador: N° de talleres realizados</i>		
4. Manter o apoio ás festas populares e promover a participación activa de NNA no seu deseño e organización.	Permanente	7.000
<i>Indicador: N° de actividades deseñadas por NNA en festas populares</i>		
5. Continuar cos acordos cos clubs para garantir a inclusión de nenas e nenos en risco ou situación de exclusión social.	Permanente	1.000
<i>Indicador: N° de NNA beneficiarios de medidas de inclusión social nos clubs</i>		

6. Impulsar a creación de novas modalidades deportivas.	Permanente	1000
<i>Indicador: N° de novas modalidades deportivas incorporadas</i>		
7. Ampliar o espazo da biblioteca municipal para mellorar a súa capacidade e responder ás necesidades da poboación máis nova.	Puntual	5.000
<i>Indicador: Ampliación do espazos da biblioteca municipal</i>		
8. Incrementar a dotación de libros, facendo especial fincapé nos fondos infantís e xuvenís,	Puntual	2.000
<i>Indicador: N° de libros incluídos na biblioteca</i>		
9. Promocionar a oferta da biblioteca en educación afectivo-sexual.	Permanente	500
<i>Indicador: N° de veces que se fixo préstamo na biblioteca dese material</i>		
10. Apertura de instalacións en horario ampliado	Permanente	500
<i>Indicador: N° de instalacións con horario ampliado</i>		
11. Cine xuvenil periódico	Permanente	500
<i>Indicador: N° de sesións de cine levadas a cabo</i>		
12. Mellora da iluminación en zonas sensibles	Puntual	3.000
<i>Indicador: N° de espazos onde se mellorou a iluminación</i>		
13. Fomentar a implicación de máis NNA nas actividades de concienciación ambiental, ampliando a experiencia das realizadas con colectivos sociais e comunitarios.	Puntual	500
<i>Indicador: N° de NNA que participan nas actividades realizadas de concienciación ambiental con ditos colectivos</i>		
14. Fortalecer e incrementar a participación feminina nas disciplinas deportivas existentes na actualidade.	Permanente	500
<i>Indicador: N° de nenas nas disciplinas deportivas</i>		

Relación coa axenda 2030:



Espazo Público

Dereito a vivir en contornas seguras e limpas

Os equipamentos, servizos e actividades constitúen un elemento esencial dentro do Plan de Infancia e Adolescencia de Salceda de Caselas, xa que representan os medios fundamentais para garantir o benestar, o desenvolvemento e a protección das nenas, nenos e adolescentes (NNA) do municipio. Estes recursos contribúen directamente ao exercicio dos seus dereitos e teñen un impacto significativo na súa calidade de vida.

A relevancia destes recursos maniféstase en varios aspectos clave:

- **Desenvolvemento integral das persoas menores:** os equipamentos e servizos, como parques infantís, centros de lecer, así como actividades culturais, educativas e deportivas, proporcionan espazos axeitados para o desenvolvemento físico, emocional, social e intelectual. Estas experiencias permiten descubrir intereses, adquirir habilidades e reforzar a autoestima.
- **Promoción da inclusión e da igualdade de oportunidades:** o acceso equitativo a actividades e servizos garante que todas as nenas, nenos e adolescentes, independentemente da súa situación social, económica ou familiar, poidan participar en propostas que favorezan o seu desenvolvemento. Isto contribúe a previr a exclusión social e a construír unha comunidade máis inclusiva e respectuosa cos dereitos da infancia.
- **Fomento da participación activa:** a existencia dunha oferta variada de actividades orientadas ao benestar e desenvolvemento das persoas menores facilita a súa implicación na vida comunitaria. A participación en actividades culturais, deportivas ou de lecer promove a interacción social, o traballo en equipo e a toma de decisións, aspectos fundamentais para o seu empoderamento.
- **Prevención de condutas de risco:** os servizos e actividades dirixidos á infancia e á adolescencia constitúen ferramentas clave para previr comportamentos de risco, como a violencia, o consumo de substancias ou a delincuencia xuvenil. A través de accións formativas e de lecer abórdanse cuestións como o respecto, a resolución pacífica de conflitos e a promoción de valores positivos.

- **Reforzo do apoio ás familias:** moitos destes recursos teñen tamén un impacto directo no benestar familiar, ao ofrecer espazos e oportunidades para o desenvolvemento das persoas menores fóra do fogar, así como apoio ás nais, pais e persoas cuidadoras na súa función educativa e de crianza.

En definitiva, os equipamentos, servizos e actividades son pezas clave no Plan de Infancia e Adolescencia de Salceda de Caselas, ao garantir que as nenas, nenos e adolescentes dispoñan de recursos que lles permitan medrar nunha contorna segura, inclusivo e enriquecedor. Estes elementos non só contribúen ao seu benestar presente, senón que tamén sentan as bases para o seu futuro como persoas responsables e activas dentro da comunidade.

Obxectivo xeral



Transformar o espazo público de Salceda nunha contorna segura, accesible e sostible, deseñando lugares de encontro e mobilidade que respondan ás necesidades específicas da infancia e, moi especialmente, da adolescencia, tanto no centro urbano como nas parroquias.

Obxectivos específicos




Deseñar e construír espazos cubertos e áreas de lecer atractivas que fomenten a socialización e o encontro da adolescencia, adaptados aos seus intereses actuais.



Eliminar barreiras arquitectónicas e asegurar o mantemento constante das áreas de xogo e recreativas, garantindo que sexan espazos inclusivos para menores con diversidade funcional en todo o municipio..



Promover o coidado do medio ambiente e a sustentabilidade nos espazos comúns, dando continuidade a programas de éxito e sensibilización.

Dereito a vivir en contornas seguras e limpas		
Responsables: concellería de benestar social e igualdade, xuventude, deportes, urbanismo e parques e xardíns		
ACCIÓNS		€
1. Crear espazos cubertos que favorezan a socialización e encontro da adolescencia.	Puntual	4.800
<i>Indicador: Nº de espazos cubertos creados para NNA</i>		
2. Diseñar espazos de lecer máis atractivos e adaptados ás necesidades dos adolescentes.	Puntual	12.000
<i>Indicador: Nº de espazos de lecer adaptados ás necesidades dos adolescentes</i>		
3. Continuar suprimindo barreiras arquitectónicas que dificulten a mobilidade e accesibilidade das persoas con diversidade funcional.	Puntual	3.000
<i>Indicador: Nº de espazos urbanos adaptados a NNA con diversidade funcional</i>		
4. Facer mantementos das áreas de xogo, recreativas e de espaxemento inclusivas para todos os NNA, tanto no centro urbano coma nas parroquias.	Puntual	7.000
<i>Indicador: Nº de áreas de xogo, recreativas e espaxemento ás que se lle realizou algún mantemento</i>		
5. Continuar promovendo a sustentabilidade e o coidado do medio ambiente nos espazos públicos.	Permanente	13.768,83
<i>Indicador: Nº de campañas e actividades de coidado do medio ambiente realizadas</i>		
6. Incluír a participación activa de NNA no deseño e planificación destes espazos e actividades.	Permanente	5.000
<i>Indicador: Nº de espazos urbanos modificados en que os NNA participaron no seu deseño</i>		
7. Construír e mellorar beirarrúas que garantan a seguridade de NNA.	Puntual	20.000
<i>Indicador: Nº de espazos modificados para garantir a seguridade de NNA</i>		
8. Dar continuidade e reforzar programas de educación en novas tecnoloxías e uso seguro das TICS	Permanente	1.000
<i>Indicador: Nº de participantes nos programas como o CRITIC</i>		
9. Facilitar a mobilidade dende as parroquias ao centro	Permanente	3.000
<i>Indicador: Nº de recursos facilitadores da mobilidade</i>		

10. Crear unha aula deseño e creación dixital na que tamén se ofrezca formación para o bo uso das mesmas	<i>Permanente</i>	37.121,32
<i>Indicador: Nº de aulas de tecnoloxía</i>		
11. Ampliar a oferta de infraestruturas e espazos destinados a actividade deportiva	<i>Permanente</i>	52.010,78
<i>Indicador: Nº de novas infraestruturas e espazos creados</i>		
12. Promover o coñecemento da vila, facendo actividades para que a xuventude de Salceda coñeza máis o seu concello, incluíndo as parroquias.	<i>Permanente</i>	3.000
<i>Indicador: Nº de actividades destinadas a coñecer a vila</i>		

Relación coa axenda 2030:



Coordinación Interna

A coordinación constitúe un elemento clave para o éxito do Plan de Infancia e Adolescencia de Salceda de Caselas, xa que garante que as distintas institucións, departamentos e entidades traballen de maneira conxunta e eficaz para dar resposta ás necesidades das nenas, nenos e adolescentes do municipio. A súa relevancia maniféstase en diversos aspectos fundamentais.


En primeiro lugar, a coordinación permite optimizar os recursos dispoñibles, evitando duplicidades e facilitando unha atención máis eficiente e completa á infancia e á adolescencia. Ademais, contribúe a que as respostas aos distintos retos —como a educación, a saúde, a protección ou o lecer— sexan coherentes e integrais, favorecendo o traballo complementario entre os diferentes ámbitos.

Outra vantaxe importante é que favorece a implicación de todos os axentes no proceso de toma de decisións, desde as familias ata as institucións públicas e privadas, garantindo que tamén se teña en conta a voz das persoas menores nos procesos de planificación. Isto reforza, ademais, a participación activa da infancia e da adolescencia nas accións e decisións que lles afectan directamente.





Así mesmo, a coordinación mellora a eficacia na posta en marcha das políticas públicas, facilitando o seu seguimento e asegurando o cumprimento dos obxectivos establecidos no plan. Ao mesmo tempo, permite unha detección temperá de posibles situacións de risco ou vulnerabilidade, facilitando unha intervención axeitada e o acceso aos apoios necesarios.


En definitiva, unha boa coordinación resulta esencial para garantir que o Plan de Infancia e Adolescencia de Salceda de Caselas sexa eficaz, inclusivo e adaptado ás necesidades reais das nenas, nenos e adolescentes, favorecendo o seu desenvolvemento integral nun contorno seguro, protector e respectuoso cos seus dereitos.

Obxectivo xeral

-  Fomentar unha xestión integrada e eficiente dos recursos, servizos e políticas municipais dirixidas á infancia e á adolescencia en Salceda de Caselas, promovendo a colaboración entre todas as entidades e institucións implicadas para garantir un contorno seguro, protector e adaptado ás súas necesidades.

Obxectivos específicos

-  Impulsar a colaboración entre os diferentes departamentos do Concello (educación, servizos sociais, saúde, cultura, deportes, etc.) para deseñar e desenvolver políticas e programas que dean resposta ás necesidades da infancia e da adolescencia no municipio.
-  Mellorar a comunicación e a coordinación coas entidades externas (ongs, centros educativos, asociacións, etc.) que traballan no ámbito da infancia e da adolescencia, co fin de optimizar recursos e actuacións.
-  Garantir a incorporación dos dereitos da infancia e da adolescencia na planificación e execución das políticas públicas, asegurando un enfoque integral e respectuoso cos dereitos das persoas menores.
-  Establecer mecanismos de seguimento e avaliación das políticas e programas dirixidos á infancia e á adolescencia, co obxectivo de garantir a súa eficacia e introducir melloras en función dos resultados acadados.

ACCIÓNS		€
1. Celebrar como mínimo dúas reunións anuais da mesa de coordinación interna, establecendo as datas con antelación suficiente para favorecer a participación de todas as persoas que a integran.	Permanente	1.000
2. Identificar e designar ás persoas clave que deben participar nas formacións de UNICEF.	Permanente	1.000
3. Realizar un seguimento e avaliación continuada do Plan de Infancia.	Permanente	1.000

Relación coa xenda 2030:



Seguimento e avaliación

O I Plan de Infancia e Adolescencia de Salceda de Caselas foi impulsado pola Concellería de Xuventude, que se encargará de xestionar as principais competencias e responsabilidades do Plan. Con todo, dado que se trata dun documento que afecta a todo o equipo de goberno, é fundamental a participación e o compromiso de todas as áreas implicadas para a súa execución, seguimento e avaliación.

En canto ao seguimento, cada seis meses, a Mesa de Coordinación Interna do Concello de Salceda de Caselas será a responsable de garantir o cumprimento do Plan, rexistrando todas as medidas adoptadas ata ese momento. Se fose necesario, establecerase un calendario coas accións pendentes para o resto do ano.

Pola súa banda, a área de Xuventude terá a responsabilidade de elaborar unha memoria anual sobre o desenvolvemento do Plan. Esta memoria publicarse na web do Concello para que todas as persoas interesadas poidan consultala. Nel detallarase cada acción realizada e os resultados obtidos; así mesmo, se algunha acción non se levou a cabo ou se atrasou, explicaranse os motivos. Este informe presentarse á Mesa de Coordinación Interna no primeiro trimestre de cada ano.

A primeira avaliación formal realizarase ao cabo de dous anos. Dita avaliación servirase como referencia para coñecer o grao de cumprimento das medidas establecidas e, de ser necesario, para realizar axustes na planificación do Plan.

A avaliación final terá lugar ao remate do Plan. Nel participarán todas as persoas que formaron parte do seu desenvolvemento, tanto do goberno local como doutros axentes implicados, incluído o grupo de participación infantil e adolescente DNI: Departamento de Novas Ideas. Esta avaliación servirá para redactar o diagnóstico da situación da infancia e adolescencia de Salceda de Caselas e, no seu caso, para sentar as bases do II Plan Municipal de Infancia e Adolescencia do municipio.

Os indicadores de avaliación proporcionados por UNICEF, dispoñibles na ferramenta da páxina web de Cidades Amigas da Infancia, acompañarán cada unha das medidas descritas no Plan. Estes indicadores axudarán a avaliar a eficacia das accións e facilitarán a alineación cos cinco obxectivos estratéxicos de UNICEF: o dereito a ser valorado/a, respectado/a e tratado/a xustamente; o dereito a ser escoitado/a; o dereito

a acceder a servizos esenciais; o dereito a vivir en contornos seguros e limpos; e o dereito a ser nena/veno. Ademais, estarán vinculados cos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS). Isto permitirá ao goberno local coñecer o grao de cumprimento do Plan, dos obxectivos de UNICEF e dos ODS, e identificar as áreas nas que se deben introducir melloras para alcanzar estes obxectivos.